



21 de novembro de 2012. O proxecto **Arredor da Auga** é unha iniciativa de custodia fluvial que ADEGA en colaboración coa asociación [O Fervedeiro](#)

promoven na vila de Cuntis. Enmárcase dentro dun proxecto maior que se desenvolve nas bacías do Ulla do Umia e do Lérez, e que pon en valor o patrimonio natural e cultural dos ecosistemas fluviais mediante iniciativas de entidades sociais. Este ambicioso proxecto, ideado para a súa realización no río Gallo (pertencente á cunca hidrográfica do río Umia) ten por obxecto concienciar á sociedade do valor da conservación dos ecosistemas fluviais e do seu patrimonio.

Velaí que ademais de ter identificado boa parte da fauna e flora do Gallo (grazas á colaboración de varios especialistas de [Naturg Galicia](#)), O Fervedeiro teña catalogado os lavadoiros fluviais e o patrimonio etnográfico ligado ao río.

O proxecto completo denominado [Custodia Fluvial nas bacías do Ulla Umia Lérez](#) abrangue estas tres cuncas dos ríos galegos onde tamén se desenvolven outras iniciativas, está promovido por ADEGA e financiado con fondos LEADER polo FEADER, o Ministerio de Medio Ambiente, Rural e Mariño e o AGADER .

A custodia fluvial é unha ferramenta que permite velar pola conservación dos valores dos cursos fluviais. Este tipo de actuación fai partícipe a poboación local, sendo esta a protagonista da propia acción, alén de posibilitar a implicación e identificación co proxecto e empoderando as persoas e entidades participantes.

Seguindo esta nova filosofía de conservación O Fervedeiro decidiu deseñar un roteiro polo río Gallo que terá un



lucia@adega.ga